

5. ACTIVIDADES SOBRE MIN PARA 1º E 2º

AUTORES E AUTORAS NAS LL.GG.



Nestas fotos estamos algúns dos autores aos que se nos dedicou o Día das Letras Galegas. E todas as mulleres homenaxeadas.

ACTIVIDADE EP1_MATES

Mira as fotos de enriba e completa:

Hai ____ mulleres.

Hai ____ homes.

____ + ____ = ____

En total hai ____.


ACTIVIDADE EP2_MATES

Faltan 44 homenaxeados. Cantos levamos en total?

Somos ____ homenaxeados e homenaxeadas nas fotos.

Faltan ____ homenaxeados e homenaxeadas.

Levamos xa ____ homenaxeados e homenaxeadas.



Imaxes: Wikipedia.

ACTIVIDADE EP3_LINGUA

Recorta as sílabas e compón as palabras que aparecen no cartel 2.

Son 3 da 4 as cidades da miña vida.




6. ACTIVIDADES SOBRE MIN PARA 3º E 4º DE E. PRIMARIA


ACTIVIDADE EP4_SOCIAIS

LUGARES DA MIÑA VIDA


Mira o cartel número 2. Alí aparecen 4 lugares importantes na miña vida. Sitúa 3 deles nestes mapas.



LUGAR ONDE NACÍN:




LUGAR ONDE VIVÍN EXILIADO:



LUGAR ONDE FINEI:

Usa, se o desexas, Google Maps.

Usa, se o desexas, o visualizador de mapas da Xunta.



SOPA DE LETRAS

Son FLORENCIO, nacín en CÓRGOMO, escribo POESÍA, fun TRUDUTOR, tiven que exiliarme en MÉXICO, promovín a revista VIEIOS e un dos meus libros tituleino CANTARENAS. Busca na sopa de letras estas palabras en maiúscula.

C	A	N	T	A	R	E	N	A	S	F	Q	P	T
F	K	J	C	Q	F	F	P	Z	I	D	V	O	R
L	N	C	L	D	Q	X	N	C	Z	F	V	E	A
L	T	Ó	T	Z	N	F	U	Z	H	O	I	S	D
D	F	R	L	O	Q	G	H	Q	V	O	E	I	U
W	U	G	L	O	B	U	M	K	P	W	I	A	T
Q	F	O	E	U	Z	U	N	N	G	O	R	U	O
A	W	M	C	W	M	F	O	G	P	N	O	K	R
M	D	O	P	R	M	E	X	I	C	O	S	V	C
Q	U	V	F	L	O	R	E	N	C	I	O	C	P
E	F	J	X	B	V	T	J	E	H	C	F	L	A
U	R	H	T	R	K	E	K	S	C	V	N	X	I
F	G	N	W	B	H	V	W	A	Z	R	Q	P	F
A	W	D	E	G	K	T	F	K	R	K	C	E	Y



A NOVA NO TELEXORNAL

No vídeo do código QR, o Telexornal conta unha nova sobre min. Re-produce, préstalle atención e logo responde unhas preguntas.



Florencio Delgado Gurriarán será o homenaxeado nas Letras Galegas 2022

Publicado o 02/07/2021 13:45



1. A miña era a única candidatura para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas 2022?


2. En que ano me vexo obrigado a exiliarme en México?

3. Que iniciativa impulso en 1953?

4. Como se chamaba a revista da que fun director?


5. Que feito importante ocorre na miña vida en 1981?

URL do vídeo: <http://www.crtvg.es/informativos/florencio-delgado-gurriaran-sera-o-homenaxeado-nas-letras-galegas-2022>





FLO
REN
CIO
DELGADO
GURRIARÁN

A PALABRA AGOCHADA NO DAMEIRO DO CARTEL NÚMERO 6



Velaquí tes as pistas para descubri-la:

1. Segunda letra do meu primeiro apelido.
2. Segunda letra do meu segundo apelido.
3. O lugar onde nacín comeza por esta letra. O estado de EE.UU. onde morrín, tamén.
4. O título do meu libro de 1934 remata nesta letra.
5. Segunda letra do meu nome de pila.
6. No título do meu libro de 1963, hai catro letras destas.
7. Inicial do xénero literario que máis escribín.
8. Cuarta letra do título do meu libro de 1981.
9. No título do meu libro de 1986, hai cinco letras destas.
10. O título do meu libro de poemas de 1981, remata con esta letra.



7. ACTIVIDADES SOBRE MIN PARA 5º E 6º DE E. PRIMARIA

ACTIVIDADE EP8_SOCIAIS

A LIÑA DO TEMPO

Xa che contei nesta guía algo sobre min. Agora quero que me demostres canto sabes ti disto. Ordena cronoloxicamente estes feitos históricos (do máis antigo ao máis recente).

Publico *Cantarenas*.


Publico *Bebedeira*.

Promovo o Padroado da Cultura Galega.

Son nomeado membro correspondente da RAG.

Publico *O soño do guieiro*

Participo como tradutor en *Poesía inglesa e francesa*.



ACTIVIDADE EP9_MATES

UN TEXTO, CINCO CÁLCULOS SOBRE O MEU EXILIO

Le estes dous textos sobre min extraídos da Wikipedia e de Galicia Confidencial:

O exilio en México [[editar](#) | [editar a fonte](#)]

Trala guerra civil, exilíouse en México. Viaxou dende Francia en 1939 a bordo do *Ipanema*, un dos barcos que levaron refuxiadas e refuxiados españois a América. Viaxaban con el, entre outros, Roxello Rodríguez de Breaña, Andrés Valín Salvador, Carlos Tomé Alonso, Johán López Durá, Serafín Ferro ou Elixio Rodríguez.^[7] Xa establecido en México, traballou como vendedor de fertilizantes, zapatos ou aceites ata asentarse na farmacéutica Queralt Mir, onde se xubilou. Desde 1940 tivo a nacionalidade mexicana.

Foi un dos creadores da revista *Vieiros*, con Luís Soto e Carlos Velo. Tamén fundou o Padroado da cultura galega de México, a Irmandade Galeguista, a asociación *A nosa xente*, o Ateneo de Galicia e a audición radiofónica *Hora de Galicia*, que estivo en antena todos os domingos durante case dúas décadas.^[8] Colaborou nas publicacións *Saudade - Verba galega das Américas*, *Galicia*, *Heraldo de Galicia*, *Nova Galicia* e *Opinión Gallega*.^[1] Foi un dos representantes de Galicia na delegación de Galeusca de México, xunto co profesor López Durá.

Durante a época de *Vieiros*, mantivo especial relación coa intelectualidade do exilio interior, como Francisco Fernández del Riego e Valentín Paz-Andrade, e co Grupo Brais Pinto. Tamén se relacionou con Rodolfo Prada e outros galeguistas de Argentina.

Volveu temporalmente a Galiza en 1968, 1976 e 1981. Nese ano foi recoñecido como membro correspondente da Real Academia Galega^[9], e celebrouse un acto solemne no Casino do Barco, coa imposición da medalla. Foi apadriñado polos académicos Xulio Francisco Ogando, Ramón Piñeiro e Valentín Paz-Andrade. O acto contou coa presenza de Lauro Olmo Gallego, Isaac Díaz Pardo e o presidente da Xunta, Xosé Quiroga Suárez.^[10] Así homenaxeou O Barco de Valdeorras ao "poeta do viño e a viña". Amais, recibiu a medalla Eduardo Pondal en 1975 da asociación A Nosa Xente de México.

1919, Florencio é o primeiro da dereita na fila de arriba.^[3]




Florencio Delgado a bordo do Ipanema con Roxello Rodríguez de Breaña, Andrés Valín, Carlos Tomé, Johán López Durá, Serafín Ferro e Elixio Rodríguez.^[7]



WIKIPEDIA

Agora, resolve estas preguntas que xorden. Se che faltan datos, búscalos na guía da exposición.




1. Cantos anos tiña cando cheguei exiliado a México?
2. Cantos son os países onde se concentran os movementos culturais galegos no exilio? Cales?
3. Canto tempo pasa desde que marchou exiliado ata que volvo por primeira vez a Galicia?
4. Cantos anos da miña vida puiden gozar da nacionalidade mexicana?
5. Con que idade me conceden a medalla Eduardo Pondal?



LEDE E CONTESTADE!

Por grupos, lede o apartado 2 da guía titulado A miña vida en poucas palabras e contestade as seguintes cuestións:

1. Como se chama o partido do que participo?
2. Por que me vexo obrigado a exiliarme despois da Guerra Civil?
3. Cita o título dos catro libros de poesía que publico?
4. No texto falase de *Vieiros*, que é iso?
5. Nomea, polo menos, 2 oficios aos que dedico a miña vida?
6. Como se titula o libro no que traduzo ao galego poetas franceses?
7. Nomea 2 institucións que eu participo.



OS PERSOEIROS MISTERIOSOS

Por grupos, investigade (preguntando a alguén, consultando na Internet, buscando en libros...) e escribide quen somos os persoeiros das fotos. Unha é moi sinxela. Non vos queixedes :)



Se vos atopades perdidos ou perdidas, aquí tendes dúas pistas:

- Pista 1: a todos e todas se nos dedicou o Día das Letras Galegas.
- Pista 2: as nosas iniciais son, por orde, EBA, RC, MVM e FDG.

Solucións ao final da guía.



BUSCAR

FALAR

ESCRIBIR


EDI

TABLETA


MÓBIL

CIFRAS E LETRAS

Buscamos unha palabra de 7 letras relacionada co meu nome.




Seguimos con letras, procuramos agora outra palabra de 7 letras, pero pode haber máis e maiores.



E agora as cifras. Con estes números da miña vida tes que chegar ao resultado de **173**. Podes sumar, restar, dividir e multiplicar e non é obrigatorio usar todos os números. O tempo empeza xa!

Século de nacemento 20	Día de nacemento 27	Poemarios que publico 4	Mes de nacemento 8	Ano de pasamento 1987
----------------------------------	-------------------------------	-----------------------------------	------------------------------	---------------------------------

Solucións ao final da guía.



ACTIVIDADE EP13 EXPRESIÓN ESCRITA

INVENTANDO POESÍA

Xa descubriches a palabra que falta na poesía do cartel número 6? Co intelixente que es seguro que si. Pois con ela e coas que ves en negraña no poema inventa a túa propia poesía.

Saudades têm a campía,
 polos arbres que morreno
 ao fuxir, dos [palabra agorchada no cartel 6],
 os **reiseñores** troveiros.



ENCrucILLADA DO CARTEL NÚMERO 7

VERTICAIS

1. Xénero musical e baile, con raíces africanas, moi típico de Cuba. Outro lugar onde se exiliaron moitos galegos e galegas despois da Guerra Civil.
3. Primeira palabra do meu segundo poemario. A segunda verba do seu título é *infinda*.
5. Xentilicio que aparece nunha serie de poemas no meu libro de 1963.
7. Palabra que falta neste poema meu do libro *O soño do Guieiro: Retorto... , outrora san e forte*. Na encrucillada escríbeo en plural.

*Teu cabelo é viño branco,
os teus beizos viño tinto
os teus ollos augardente
¡quixera beberte a bicos!*

9. Estes de enriba son uns versos meus sobre o viño. O que buscamos é un tipo de uva moi galega coa que se elabora un viño, que ademais é o título do poema destes versos que seguen.

A Ruliña do Sar,

*Noriega o das chorimas sorridentes,
polo bardo Pondal de nobre canto,
por Curros o frecheiro de triadas,
polo Daniel (Moisés, guieiro noso
que no acadou a Terra prometida),
Carballo, sinfonista de paisaxes,
Antonio, riscador de meridianos,
o Pimentel, de lúas e de espellos
¡E por tantos e tantos!
¡E o Ramón de Salnés, enxebre Apolo
que o cetro che deixara da poesía!*

11. Neste poema meu hai moitos... Sobre todo propios.

HORIZONTAIS

2. Nome da escritora e poetisa galega que escribiu *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*.
4. Título do meu libro de poemas de 1981.

*Sanlleiro mexicán, «Tatá» anfitrión
faciana esgrevia e triste
e nobre corazón.*

6. Buscamos a primeira palabra do título deste poema. Esta si que é difícil, non si? Unha pista: é o derradeiro poema dedicado ao exilio nese libro
8. Na miña vida fun iso. Ás veces, por obriga.
10. Comarca de Ourense onde nacín.

Solucións ao final da guía.

